

**INFORME CLIMATOLÓXICO
MES DE XULLO DE 2016**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRIBIÓN SINÓPTICA DO MES	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA	10
5.1.	Temperatura media das máximas.	10
5.2.	Temperatura media das mínimas.	11
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	12
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2016.....	16
6	PRECIPITACIÓN	17
6.1.	Precipitación acumulada mensual Xullo 2016.....	17
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	18
6.3.	Días de chuvia en xullo de 2016	19
6.4.	Evolución da precipitación en xullo de 2016	21
7	VENTO	22
8	RADIACIÓN SOLAR	25
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	25
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	26
9	RAIOS.....	27

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 04-08-2016

Mes moi cálido e moi seco en case toda a Comunidade.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.

2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

Durante este mes o predominio das condicións anticiclónicas foi practicamente total, coas posicións do anticiclón cambiando entre Azores e o norte da península Ibérica. Isto deixou moitas xornadas con aire procedente do norte de África ou ben do sur da península Ibérica, polo que ademais de impedir que ningún sistema frontal se achegase a Galicia, as temperaturas foron en xeral elevadas.

O mes comezou precisamente con dúas das escasas xornadas de situación intermedia entre altas e baixas presións, con ceos parcialmente anubrados e temperaturas relativamente baixas para a época do ano.

A partir do día 3 o predominio foi anticiclónico, incrementándose a temperatura por riba dos 30°C na metade sur e manténdose estes valores elevados ata o día 9. No medio deste período tivemos unha entrada de aire frío en capas medias e altas da atmosfera, que nos días 5, 6 e 7 ocasionou a formación de sistemas tormentosos, máis importantes o día 6, no que se rexistraron máis de 5000 raios en Galicia, especialmente na provincia de Lugo.

O período entre o 10 e o 13 estivo caracterizado polo relativo afastamento das altas presións, que permitiron a entrada de aire algo máis fresco e húmido dende o Atlántico. Isto facilitou a entrada de néboas pola costa, a baixada xeral das temperaturas en toda a Comunidade e a presenza de ceos parcialmente anubrados durante a xornada.

As altas presións achegáronse novamente a Galicia o día 14, facendo que as nubes fosen xa moi escasas e as temperaturas comezasen novamente a ascender.

O período entre o 15 e o 18 foi o de temperaturas máis elevadas do mes. Isto foi debido a que o día 15 as altas presións movéronse cara ao norte da península Ibérica e dende esa posición achegaron unha masa de aire cálido procedente do norte de África. Deste xeito os avisos por temperaturas extremas afectaron a toda a Comunidade, agás ao norte de Lugo e A Coruña e as áreas de montaña de Lugo e Ourense. Estes avisos foron laranxa nalgúns puntos os días 17 e 18.

Na xornada do 18 tivemos o rexistro máis elevado de todo o mes con 42.2°C no concello de Leiro. A isto hai que engadir que nalgúns puntos de Galicia, particularmente nas Rías Baixas, as temperaturas nocturnas non descenderon por debaixo dos 20°C, ocasionando noites tropicais. Nas últimas horas do día 18 e nas primeiras do 19 tivemos algúns fenómenos tormentosos pola entrada de aire frío en altura.

Isto debilitou algo o anticiclón e tivemos 4 xornadas, do 19 ao 23, de temperaturas algo máis suaves de novo, coa presenza dalgúñas nubes e néboas na primeira metade do día. Pero o anticiclón entrou novamente con forza a partir do 24, achegando masas de aire cálido, de forma que entre o 24 e o 29 vivimos outro episodio de altas temperaturas, aínda que non tan elevadas como as que rexistráramos entre o 15 e o 18.

Nos derradeiros dous días do mes entrou novamente aire frío en altura, de xeito que as condicións atmosféricas foron algo máis inestables, con baixada das temperaturas, aumento das nubes e algúns fenómenos tormentosos.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

As anomalías de presión en superficie (figura 1) mostran unha anomalía practicamente nula sobre Galicia, onde o aire frío só afectou á Mariña Luguesa como é habitual nesta época do ano. Sen embargo, en altura (figura 2) pódese ver cómo o aire frío estivo nas capas medias e altas, afectando principalmente as Illas Británicas. A Península Ibérica atópase influenciada por unha dorsal de aire cálido responsable do tempo anticiclónico rexistrado neste mes de xullo.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie.



Anomalías de xeopotencial no nivel de 500 hPa. Xullo 2016




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa.

4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (Coruña-Torre de Hércules, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, de Meteogalicia).

O valor climático corresponde ao promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

A CORUÑA

	XULLO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	19.2	18.9	21.0 (2006)	17.2 (1977)
Tª mínima media	16.7	15.9	17.6 (2006)	13.8 (1954)
Tª mínima absoluta	14.2 (día 13)	10.2 (08/07/1978)		
Tª mínima máis alta	18.2 (día 17)	21.0 (14/07/1969)		
Tª máxima media	21.8	21.9	24.5 (2006)	19.8 (2002)
Tª máxima absoluta	28.9 (día 16)	34.5 (17/07/2006)		
Tª máxima máis baixa	18.6 (día 3)	14.0 (03/07/1958)		
Precipitación acumulada	0	22-34	100 (1971)	2 (1986)
Días de chuvia (≥1mm)	0	5	22 (1936)	1 (2013)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas mínimas mentres que resultou normal para as máximas e as medias (cos datos da estación Coruña-Torre de Hércules). Debe terse en conta a situación desta estación meteorolóxica, xa que con ventos de norte, no centro da cidade rexistráronse valores de temperatura máis altos, resultando en xeral para a cidade un mes moi cálido.

A chuvia rexistrada e o número de días de chuvia, marcaron un rexistro histórico con respecto a lonxitude da serie. Neste caso non choveu nada e polo tanto o número de días de chuvia foi cero, resultando un mes extremadamente seco.

** Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1931-2016 Temperatura: 1948-2016*



SANTIAGO

	XULLO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	21.1	19.6	21.9 (1989)	17.6 (2009)
Tª mínima media	14.9	14.4	16.0 (2013)	13.1 (1993)
Tª mínima absoluta	10.1 (día 13)	7.0 (11/07/2002)		
Tª mínima máis alta	18.9 (día 18)	21.9 (22/07/1990)		
Tª máxima media	27.2	24.8	28.5 (1990)	22.1 (2009)
Tª máxima absoluta	31.1 (día 18)	40.3 (20/07/1990)		
Tª máxima máis baixa	21.5 (día 12)	15.8 (02/07/1998)		
Precipitación acumulada	1	25-45	154 (2009)	2 (1986)
Días de chuvia (≥1mm)	1	6	12 (1995)	1 (1993)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas máximas e medias, mentres que para as mínimas o mes resultou cálido.

A precipitación rexistrada e o número de días de chuvia acadaron os valores mínimos da serie, resultando rexistros históricos. O mes considérase extremadamente seco.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2016. Temperatura: 1982-2016

LUGO

	XULLO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	20.3	18.8	21.6 (2013)	16.9 (1981)
Tª mínima media	13.8	12.9	15.2 (2013)	9.6 (1980)
Tª mínima absoluta	7.7 (día 13)	4.4 (11/07/2002)		
Tª mínima máis alta	17.0 (día 29)	20.0 (22/07/1990)		
Tª máxima media	26.9	24.7	29.1 (1990)	21.9 (1982)
Tª máxima absoluta	38.5 (día 18)	41.2 (20/07/1990)		
Tª máxima máis baixa	21.0 (día 13)	15.0 (03/07/1985)		
Precipitación acumulada	8	21-29	77 (1983)	0 (1986)
Días de chuvia (≥1mm)	2	4	8 (1983)	0 (1986)

Comentario: Mes moi cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase moi seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, que foi a metade do valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2016. Temperatura: 1981-2016



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	XULLO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	22.8	20.3	22.9 (2006)	17.8 (1980)
Tª mínima media	16.2	14.7	16.9 (2006)	12.2 (1980)
Tª mínima absoluta	11.5 (día 13)	3.1 (28/07/1969)		
Tª mínima máis alta	18.7 (día 27)	23.5 (04/07/1961)		
Tª máxima media	29.4	25.9	28.8 (2006)	22.7 (1983)
Tª máxima absoluta	36.0 (día 24)	39.0 (07/07/2013)		
Tª máxima máis baixa	22.6 (día 19)	16.2 (20/07/1980)		
Precipitación acumulada	9	22-37	166 (1971)	0 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	2	5	11 (1995)	0 (1993)

Comentario: Mes moi cálido en canto a temperatura mínima e media, mentres que para a máxima resultou extremadamente cálido, co valor máis alto da serie histórica.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, polo que o mes resultou moi seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia con respecto o seu valor climático.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2016. Temperatura: 1958-2016

OURENSE

	XULLO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	24.2	22.6	25.0 (2013)	19.0 (1977)
Tª mínima media	15.1	14.8	17.7 (1972)	13.0 (1974)
Tª mínima absoluta	9.6 (día 13)	6.4 (08/07/1996)		
Tª mínima máis alta	19.3 (día 30)	22.6 (22/07/1990)		
Tª máxima media	33.2	30.2	33.8 (1989)	24.7 (1977)
Tª máxima absoluta	41.0 (día 18)	42.6 (20/07/1990)		
Tª máxima máis baixa	26.4 (día 12)	18.0 (13/07/1982)		
Precipitación acumulada	0	9.19	69 (2009)	0 (1978)
Días de chuvia (≥1mm)	0	3	15 (1983)	0 (1990)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas máximas e medias, mentres que para as mínimas resultou cálido.

Non se rexistrou precipitación acadouse o mínimo histórico que tiña a serie, o mesmo ocorre co número de días de chuvia.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2016. Temperatura: 1972-2016

5 TEMPERATURA

Os valores medios de temperatura rexistrada neste mes están moi por riba da media climática, tanto nos valores mínimos como nos máximos, aínda que a anomalía máis destacada atopámola nas máximas debido aos períodos frecuentes e prolongados de altas temperaturas.

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de xullo de 2016.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de xullo para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 26.3 °C. Os valores máis baixos rexistráronse na Mariña Luguesa e zona do cabo Ortegal, con valores próximos aos 17 °C. Os valores máis altos (preto dos 35 °C) rexistráronse principalmente no Miño Ourensá, na zona de Verín e na comarca de O Condado.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de xullo para o territorio galego foi de 13.5 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados na alta montaña ourensá con valores moi próximos aos 10 °C, e os máis altos en todo nas Rías Baixas e gran parte do interior da provincia de Pontevedra, onde se acadaron valores de case 18 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de xullo de 2016.

5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de xullo, tendo en conta a media dos valores do mapa, presentou unha anomalía de máis de 1.5 °C. Como se pode ver no mapa da figura 3, houbo un gran contraste entre as comarcas de Bergantiños e A Coruña con anomalías que resultaron negativas, próximas a -0.5 °C, e o resto da Comunidade, destacando principalmente a provincia de Pontevedra (destacando O Baixo Miño), e varias localidades da Comarca de A Limia (con anomalías positivas próximas aos 4 °C). Cómpre destacar, cómo houbo zonas sen diferenzas respecto ao valor climático, principalmente na Mariña Luguesa.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de xullo respecto ao período 1981-2010.

A táboa 1 mostra as anomalías máis altas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1981-2010. Como se pode ver, as anomalías máis elevadas, déronse principalmente nas comarcas de Vigo e Baixo Miño onde se superaron os 3 °C.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Gondomar	Pontevedra	3.7
Baiona	Pontevedra	3.3
Tui	Pontevedra	3.3
Baltar	Ourense	3.2
Fornelos de Montes	Pontevedra	3.2
Nigrán	Pontevedra	3.2
Lama (A)	Pontevedra	3.2
Tomiño	Pontevedra	3.1
Rosal (O)	Pontevedra	3.0
Guarda (A)	Pontevedra	3.0

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de xullo de 2016.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Malpica de Bergantiños	A Coruña	-0.2
Aranga	A Coruña	-0.2
Ponteceso	A Coruña	-0.1
Carballo	A Coruña	0.0
Arteixo	A Coruña	0.1
Cabana de Bergantiños	A Coruña	0.1
Foz	Lugo	0.2
Camarías	A Coruña	0.2
Coristanco	A Coruña	0.2
Coruña (A)	A Coruña	0.2

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de xullo de 2016.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas nos concellos galegos, con respecto ao período climático 1981-2010. A comarca de Bergantiños presentou as anomalías máis baixas de temperatura, resultando nalgunhas localidades lixeiramente frío.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xullo de 2016 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. A xornada máis calorosa tendo en conta ambas altitudes foi a do 18 de xullo..

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2016				
<u>por debaixo</u> dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
18/07/2016	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	42.2
18/07/2016	San Clodio	Ribas de Sil	Lugo	41.2
18/07/2016	Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	41.1
18/07/2016	Ourense	Ourense	Ourense	41.0
18/07/2016	Remuíño	Arnoia	Ourense	40.7
17/07/2016	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	40.6
17/07/2016	Cequeliños	Arbo	Pontevedra	39.9
18/07/2016	Míllara	Ferreira de Pantón	Lugo	39.7
18/07/2016	Xabrega	Sober	Lugo	39.6
18/07/2016	A Portela	Vilamartín de Valdeorras	Ourense	39.4

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2016 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2016				
<u>por enriba</u> dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
18/07/2016	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	36.2
18/07/2016	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	34.0
18/07/2016	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	33.1
18/07/2016	Corzos	A Veiga	Ourense	32.0
18/07/2016	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	31.9
17/07/2016	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	31.6
28/07/2016	Xurés	Muiños	Ourense	31.6
18/07/2016	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	31.2
18/07/2016	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	30.1
18/07/2016	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	29.9

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2016 a altitude xullo de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xullo de 2016 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Tendo en conta as dúas altitudes, destaca a xornada do 13 ca temperatura mínima máis baixa en moitas localidades.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2016				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
13/07/2016	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	2.3
13/07/2016	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	2.3
13/07/2016	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	3.1
13/07/2016	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	3.1
13/07/2016	Ancares	Cervantes	Lugo	3.8
13/07/2016	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	4.2
13/07/2016	Xares	A Veiga	Ourense	4.5
13/07/2016	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	4.9
13/07/2016	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	5.4
13/07/2016	Xurés	Muiños	Ourense	5.5

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2016 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2016				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
14/07/2016	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	2.5
13/07/2016	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	3.1
13/07/2016	Baltar	Baltar	Ourense	4.5
12/07/2016	Lanzós	Vilalba	Lugo	4.6
13/07/2016	Verín-Vilela	Verín	Ourense	4.7
13/07/2016	Sambreixo	Guitiriz	Lugo	4.8
14/07/2016	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	5.1
13/07/2016	Morelle	Sarria	Lugo	5.3
13/07/2016	A Capela	A Capela	A Coruña	5.5
13/07/2016	Alto do Rodicio	Maceda	Ourense	5.5

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2016 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2016.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2016 para esta serie foi 21.2 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2016 para xullo.

A anomalía media da temperatura para este mes de xullo en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de 1.56 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como moi cálido. Estas anomalías positivas foron máis acusadas nas máximas (2.35 °C), que nas mínimas (0.8 °C). O ano máis próximo cunha temperatura media máis alta con respecto ao período climático 1981-2010, foi o 2013.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en xullo, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións foron moi escasas durante este mes xa que ningún sistema frontal foi quen de achegarse a Galicia debido á forte presenza do anticiclón. Isto fixo que soamente tivésemos algunhas chuvias de carácter convectivo pola entrada de aire frío nas capas medias e altas da atmosfera.

A chuvia media no mes de xullo obtida a partir dos valores do mapa foi de 5 L/m². Os lugares máis afectados pola precipitación, principalmente de carácter treboento, foron os da provincia de Lugo, onde por exemplo, Sambreixo (no concello de Guitiriz), rexistrou máis de 40 L/m² nun só día. Isto contrasta coa gran extensión de zonas nas que non se rexistrou precipitación este mes de xullo en Galicia, tal e como se pode observar no mapa.

6.1. Precipitación acumulada mensual Xullo 2016




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de xullo de 2016.

6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pode verse a porcentaxe de precipitación no mes de xullo con respecto a os valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. As porcentaxes máis altas déronse na Terra Chá, con valores de 75 % por riba do normal. Isto contrasta ca meirande parte da Comunidade, na que choveu ata un 87% menos do normal, e mesmo nalgúns lugares a porcentaxe foi nula. Así o conxunto da Comunidade o mes considérase moi seco en canto á precipitación.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de xullo de 2016.

6.3. Días de chuvia en xullo de 2016

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 1.3. Os valores máximos obtivéronse principalmente na Mariña Luguesa, acadándose case 10 días de chuvia. Os valores máis baixos déronse en moitas localidades de Galicia, nas que non se rexistrou precipitación o foi inferior a 1 L/m².




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m² durante o mes de xullo de 2016.

A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de xullo. Os rexistros máis altos de precipitación déronse entre as xornadas do 5 e o 6 de xullo, nas que se rexistraron moitas treboadas, principalmente na provincia de Lugo e Ourense..

Precipitacións acumuladas máximas en xullo de 2016			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Penedo do Galo	Viveiro	Lugo	50
Sambreixo	Guitiriz	Lugo	48
Fragavella	Abadín	Lugo	45
Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	27
Burela	Burela	Lugo	22
Borreiros	Viveiro	Lugo	21
Guitiriz-Mirador	Guitiriz	Lugo	19
Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	19
Corno do Boi	Friol	Lugo	18
As Petarelas	Rubiá	Ourense	17

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de xullo de 2016.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Sambreixo	Guitiriz	Lugo	47	05/07/2016 19:30
Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	26	05/07/2016 14:10
Guitiriz	Guitiriz	Lugo	19	06/07/2016 4:40
Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	19	05/07/2016 14:20
Petarelas	Rubiá	Ourense	17	05/07/2016 15:00
PGalo	Viveiro	Lugo	17	05/07/2016 22:50
Ventosa	Navia de Suarna	Lugo	17	05/07/2016 16:30
CBoi	Friol	Lugo	15	06/07/2016 4:50
Larouco	Larouco	Ourense	13	05/07/2016 14:50
Baltar	Baltar	Ourense	13	07/07/2016 5:00

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de xullo de 2016.

6.4. Evolución da precipitación en xullo de 2016

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2016, para esta serie, foi 3 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2016 para xullo.

A anomalía media das precipitacións para este mes de xullo en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativa, foi dun 91 % por debaixo do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como moi seco, resultando o ano máis seco dende 1986.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en xullo, respecto ó período 1981-2010.





7 VENTO

Neste mes de xullo non houbo ningunha estación que rexistrase refachos máximos superiores aos 100 km/h.





PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	83.6	NE	15	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Lira-A # 07/2016</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # Lira-A # 07/2016</p>
		Día 5				
Pta. Candieira	Cedeira	4	NE	10	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # PCandieira-A3 # 07/2016</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # PCandieira-A3 # 07/2016</p>
		Día 88.1				
Malpica	Malpica	64.9	E	6	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Malpica-A2 # 07/2016</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # Malpica-A2 # 07/2016</p>
		Día 5				
Marco da Curra	Monfero	45.4	NE	8	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Marco da Curra-A3 # 07/2016</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # Marco da Curra-A3 # 07/2016</p>
		Día 14				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de Xullo de 2016 na provincia de A Coruña.



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	52.2	E	9		
		Día 15				
Ancares	Cervantes	56.4	NE	17		
		Día 6				

Táboa 11: Resumo vento no mes de Xullo de 2016 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	52.1	SE	10		
		Día 15				
Rodicio	Maceda	48.2	NE	10		
		Día 12				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	37.3	NO	46		
		Día 10				


Táboa 12: Resumo do vento no mes de Xullo de 2016 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	68.6	N	13		
		Día 27				
Ons	Bueu	62.2	NE	6		
		Día 5				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de Xullo de 2016 na provincia de Pontevedra.

8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual



1676 2068 2461 2854

Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de Xullo de 2016.



8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou 5245 raios en Galicia, dos que 5056 detectáronse o día 6, principalmente na provincia de Lugo. Na figura 15 móstrase a distribución por día dos raios neste mes.




Figura 15: Número de raios rexistrados en Galicia en xullo de 2016.

A continuación móstrase este número de raios distribuído por provincias. Destaca a provincia de Lugo.




Figura 16: Número de raios rexistrados por provincias en xullo 2016.

Na figura 17, pódese ver o total de raios rexistrados en xullo en Galicia dende o ano 2010 ao 2016.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en xullo dende 2010 a 2016.

MeteoGalicia
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente e ordenación do Territorio
Xunta de Galicia



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2016 Mes: 7

Provincia Estación	T ^o C	T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada
A Coruña																							
A Coruña-Torre de Hérculo	18.8	21.8	28.9	16	16.7	14.2	13	0	0.0	12	-	78	87	65	-	-	-	-	-	--	-	0	0
A Gándara	17.2	21.7	32.1	18	14.1	10.8	14	6	2.1	1	-130	81	94	61	59	270	2322	21	64	5	973	10	0
Aldea Nova	18.2	22.5	31.9	17	14.8	10.7	13	6	2.2	1	-129	81	93	64	52	241	2117	9	57	16	989	8	0
Arzúa	19.4	26.5	36.6	18	12.9	6.9	14	2	2.0	6	-169	74	94	49	73	334	2589	8	41	26	977	2	0
Camariñas	18.3	20.4	26.2	16	16.2	13.4	12	1	1.1	18	-152	78	87	65	73	336	2638	23	80	26	1019	2	0
Cariño	18.5	20.6	26.5	19	16.7	13.7	13	10	5.2	22	-109	86	95	75	49	227	2057	15	61	15	1021	5	0
Cespón	21.9	28.9	35.2	16	16.2	12.2	12	1	0.8	22	-197	67	87	45	79	363	2672	10	49	27	1014	2	0
CIS Ferrol	20.0	24.9	35.2	17	16.1	11.4	13	9	6.3	22	-149	77	93	59	66	305	2376	13	54	4	1017	4	0
Corrubedo	21.5	27.8	34.7	24	16.5	13.0	13	5	4.3	18	-197	66	85	45	76	350	2743	10	53	5	1016	2	0
Coruña-Dique	18.4	20.6	27.0	16	16.3	13.2	13	0	0.2	10	--	-	-	-	-	-	-	17	61	26	1020	1	0
*Costa	20.6	28.8	36.0	16	14.1	9.8	13	1	1.0	19	-	76	97	51	-	-	-	3	30	28	1000	1	0
*Coto Muiño	18.2	24.2	35.3	18	13.4	9.7	13	5	1.6	19	-	81	98	60	-	-	-	5	38	26	-	6	0
Fontecada	18.3	24.1	35.9	18	13.6	9.5	14	6	2.7	19	-148	76	92	54	68	311	2426	14	54	27	978	5	0
*Guísamo	19.7	24.8	32.7	17	15.5	10.8	14	1	0.6	12	-	70	86	51	-	-	-	4	28	26	1000	3	0
*Lesende	20.5	26.7	32.5	17	15.3	11.4	13	3	1.7	19	-186	66	83	46	74	341	2705	5	34	26	999	3	0
Lira	20.3	24.9	32.0	24	16.4	12.7	13	1	0.5	18	-187	71	86	54	81	371	2755	19	84	5	-	4	0
Mabegondo	19.8	26.4	35.1	18	12.9	6.2	14	2	2.0	22	-157	77	96	55	66	304	2445	7	38	26	1010	1	0
Malpica	17.6	20.9	29.6	17	15.0	13.7	13	3	1.3	22	-131	85	96	70	71	326	2535	21	65	5	1002	3	0
Marco da Curra	16.8	22.4	32.8	18	12.6	8.9	14	7	3.6	22	-134	81	96	59	64	294	2309	14	45	14	947	11	0
Melide	19.2	27.1	37.0	18	12.5	5.8	13	5	5.1	6	-173	74	95	48	73	334	2681	8	45	6	965	2	0
Muralla	17.8	23.5	32.5	18	13.4	9.1	14	5	2.7	22	-144	78	94	57	74	340	2543	28	91	26	944	5	0
*O Val	19.6	23.9	32.4	17	15.4	10.2	13	4	3.1	22	-	81	95	65	-	-	-	5	31	19	1013	2	0
Olas	18.4	24.7	35.2	18	13.3	8.5	13	2	0.8	22	--	78	97	54	--	--	2431	9	37	5	-	4	0
*Ordes	19.1	25.6	36.7	18	13.2	7.2	13	0	0.0	12	-	77	95	55	-	-	-	6	36	10	988	0	0
*Paramos	18.4	24.3	35.4	18	13.8	10.2	14	3	1.2	22	-	81	97	60	-	-	-	9	55	26	978	5	0
*Pazo de Galegos	20.8	27.9	36.0	18	14.8	9.4	13	0	0.3	19	-175	73	93	50	67	310	2542	4	35	27	993	1	0
Punta Candieira	17.9	20.9	32.2	17	15.8	13.5	2	2	0.8	22	-132	83	94	70	63	292	2438	25	88	4	991	3	0
Punta Langosteira	17.6	19.0	21.6	15	16.2	14.6	15	1	0.5	22	-	90	96	82	70	323	2477	16	60	4	1019	2	0
Río do Sol	16.6	21.4	33.4	18	13.2	9.1	14	5	1.7	22	-120	84	96	66	59	273	2259	21	58	26	958	8	0
*Rus	19.0	24.3	35.1	16	13.5	7.3	14	3	0.8	19	-	81	98	60	-	-	-	4	53	5	1005	6	0
Sálvora	19.9	24.6	30.8	24	16.9	14.0	13	9	8.2	18	-177	75	87	58	84	386	2793	17	58	13	-	3	0
Santiago-EOAS	20.2	27.2	36.4	17	14.9	10.1	13	1	1.2	22	-171	72	90	49	64	295	2466	8	41	26	990	1	0
Santiago-San Lázaro	19.5	25.6	34.6	17	14.5	9.7	13	1	0.3	19	--	72	90	51	73	337	2626	13	47	4	984	2	0
Sergude	20.6	28.4	35.9	17	14.4	8.4	13	1	0.9	22	-	73	93	47	61	281	2326	-	-	--	-	2	0
Serra da Faladoira	15.8	19.3	31.9	18	12.9	9.8	13	12	3.7	22	-95	89	99	71	45	206	2011	19	69	15	955	12	0

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.

Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2016 Mes: 7

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
Lugo																												
A Pontenova	17.1	22.0	36.5	18	13.7	9.6	14	13	4.7	22	-	88	98	70	40	187	1727	-	-	--	-	-	--	-	9	0		
Abradelo	18.9	27.2	36.9	18	12.6	6.4	13	1	1.1	6	-	72	93	44	73	336	2642	-	-	--	-	-	--	-	1	0		
Alto de Cerredo	16.8	22.4	32.6	18	12.6	6.7	13	2	2.2	6	--	78	95	55	-	-	-	5	59	6	911	6	911	1	0			
*Alto do Faro	17.3	23.7	32.9	18	12.3	7.6	13	3	2.7	6	-	74	95	49	-	-	-	8	39	13	925	13	925	1	0			
*Alto do Poio	17.2	22.2	29.9	18	12.4	4.2	13	1	1.1	6	-	68	91	45	-	-	-	9	51	13	-	13	-	1	0			
Ancares	17.4	22.4	29.4	18	12.5	3.8	13	4	4.0	6	-176	67	91	41	78	360	2694	12	56	6	870	6	870	2	0			
*Borreiros	18.6	23.3	32.6	19	14.4	9.4	13	21	11.9	6	--	80	94	60	40	185	1756	5	37	15	1014	15	1014	7	0			
Bóveda	20.7	29.0	38.5	18	13.1	7.0	13	1	0.8	6	-183	68	93	40	75	344	2603	6	41	5	970	5	970	1	0			
Burela	16.4	18.9	32.4	18	14.2	11.2	13	22	8.2	30	-78	89	98	78	43	196	1824	13	52	15	973	15	973	5	0			
Campus Lugo	19.6	26.9	38.5	18	13.8	7.7	13	8	6.2	6	-163	73	94	46	63	288	2526	8	51	6	974	6	974	3	0			
Castro R. de Lea	18.4	25.2	38.0	18	13.1	6.2	13	4	3.0	6	-	78	96	53	57	261	2204	-	-	--	-	--	972	3	0			
Conchada	20.0	28.6	36.2	18	13.4	6.7	13	9	9.3	6	-	76	96	48	72	332	2769	-	-	--	-	--	-	1	0			
Corno do Boi	16.9	23.4	34.9	18	12.1	7.4	13	18	14.6	6	-128	81	98	54	63	292	2414	13	50	26	-	26	-	12	0			
Courel	19.8	28.3	35.8	18	13.0	8.2	12	1	1.1	6	-193	66	91	37	78	360	2717	8	55	22	932	22	932	1	0			
*Fontaneira	17.1	23.3	33.5	18	12.2	6.5	13	1	1.2	6	-158	78	95	56	65	299	2563	4	37	6	915	6	915	2	0			
Foz	18.2	21.3	27.0	18	15.0	9.7	14	17	7.6	30	-103	84	95	71	46	211	1984	9	42	5	1013	5	1013	7	0			
Fragavella	15.8	19.6	34.1	18	12.4	6.3	12	45	10.0	6	-59	89	99	75	44	202	1866	11	51	19	952	19	952	18	0			
Guitiriz-Mirador	16.8	22.7	34.4	18	12.5	8.2	13	19	18.7	6	-118	81	97	57	57	264	2281	13	55	5	942	5	942	3	0			
*Labrada	16.0	19.9	34.1	18	12.6	8.3	12	16	5.4	6	-101	85	96	68	45	206	1980	9	38	26	-	26	-	12	0			
*Lanzós	17.1	23.3	35.6	18	11.1	4.6	12	6	3.8	6	-	80	96	57	-	-	-	5	45	14	966	14	966	2	0			
*Lourenzá	18.9	23.9	35.3	19	14.4	7.5	14	10	2.8	6	-	82	98	63	-	-	-	4	33	19	-	19	-	12	0			
Marroxo	19.6	27.8	36.4	18	13.8	7.8	13	2	1.8	6	-171	72	92	42	60	277	2463	5	36	22	947	22	947	3	0			
*Míllara	21.5	30.5	39.7	18	14.7	9.3	14	8	7.6	6	-	69	93	39	-	-	-	7	41	22	-	22	-	1	0			
*Morelle	20.1	29.4	39.0	18	12.2	5.3	13	1	0.6	6	-172	74	98	44	64	292	2478	4	28	4	972	4	972	3	0			
O Cebreiro	17.5	25.0	31.9	18	11.6	3.1	13	2	1.8	6	-165	74	95	51	70	323	2713	14	42	5	875	5	875	2	0			
O Xipro	17.5	24.6	36.1	18	12.3	6.1	14	5	3.4	6	-148	79	97	52	54	251	2375	10	60	6	931	6	931	5	0			
*Olveda	18.5	26.1	37.4	18	12.2	6.6	14	4	4.3	6	-164	78	99	50	69	316	2589	6	33	27	-	27	-	1	0			
Pedro Murias	18.7	21.6	26.4	18	15.6	11.4	14	14	6.9	30	-102	83	92	73	43	199	1859	7	44	15	1016	15	1016	8	0			
Penedo do Galo	15.6	18.6	31.0	18	13.4	10.8	13	50	17.0	6	-	90	98	77	38	175	1740	-	-	--	-	--	-	15	0			
Pol	17.3	24.1	36.8	18	12.6	6.3	14	2	1.2	6	-	80	98	52	60	277	2342	-	-	--	-	--	946	3	0			
Portomarín	19.6	28.3	39.0	18	12.3	6.4	13	3	2.4	6	-	75	99	44	67	306	2457	-	-	--	-	--	969	2	0			
Sambreixo	17.9	24.8	36.7	18	11.3	4.8	13	48	47.2	6	-	77	95	50	61	281	2304	-	-	--	-	--	-	3	0			
*San Clodio	22.5	31.8	41.2	18	13.8	7.3	13	2	1.6	6	-	66	95	38	-	-	-	4	29	26	989	26	989	1	0			
*San Fiz	20.5	28.2	36.8	18	14.4	9.1	14	7	7.3	6	-164	72	94	47	54	246	2416	6	47	28	974	28	974	1	0			
Ventosa	17.6	24.8	33.7	18	11.7	5.9	13	17	16.6	6	-155	76	95	49	69	318	2655	8	60	6	917	6	917	1	0			
*Vilamor	18.6	22.7	34.4	19	14.7	8.6	12	12	2.8	6	-102	78	90	61	39	178	1788	6	-	--	-	--	-	8	0			
*Xabrega	20.7	30.1	39.6	18	13.6	7.9	13	0	0.0	12	-179	67	89	37	60	275	2434	5	-	--	982	--	982	0	0			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2016 Mes: 7

Provincia Estación	T ^a °C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día		Med. hPa	Choiva	Xeada
Ourense																											
A Mezquita	20.4	27.5	33.1	18	12.8	5.4	13	5	2.8	6	-207	59	84	37	87	397	2925	9	56	7	906	2	0				
*A Portela	23.4	33.0	39.4	18	14.8	8.4	13	8	7.6	6	-203	59	92	28	81	371	2704	5	36	6	-	1	0				
*A Trabe	22.1	29.1	34.4	29	15.0	9.5	13	1	1.0	6	-201	56	78	34	72	329	2880	5	33	5	931	1	0				
Alto do Rodicio	18.4	25.2	33.5	18	12.3	5.5	13	0	0.0	12	-153	72	94	46	-	-	2519	13	48	12	910	0	0				
Amiudal	20.8	29.1	36.7	18	13.8	8.5	13	2	2.1	6	--	63	88	38	82	375	2876	9	49	26	956	1	0				
As Petarelas	22.1	31.9	39.0	18	13.5	6.6	13	17	17.4	6	-	57	87	24	82	377	2867	-	-	--	-	1	0				
Baltar	19.7	29.0	35.0	28	-	-	13	13	12.6	7	-177	65	97	31	81	369	2761	9	54	15	929	5	0				
Cabeza de Manzaneda	15.8	19.5	25.4	18	12.0	2.3	13	0	0.4	6	-184	59	87	32	69	316	2633	13	46	5	831	1	0				
*Calvos	17.8	27.2	34.1	18	-	-	14	1	0.9	6	-185	71	99	39	79	360	2760	7	34	22	-	1	0				
Casaio	19.1	24.8	30.1	18	13.6	6.5	13	27	26.3	6	--	57	80	34	-	-	-	6	54	6	-	2	0				
*Corzos	18.0	25.3	32.0	18	10.8	6.1	13	0	0.0	12	-	67	90	43	-	-	-	6	39	6	-	0	0				
Entrimo	21.7	29.9	36.6	18	14.2	7.1	13	0	0.0	12	-	60	86	37	79	360	2765	-	-	--	-	0	0				
*EVEGA Leiro	22.8	34.9	42.2	18	12.7	7.2	13	4	3.8	6	-	63	94	28	-	-	-	2	25	22	1006	2	0				
Gandarela	20.8	29.8	35.9	17	13.8	7.9	13	1	0.8	6	-177	69	93	39	74	338	2448	6	37	10	949	1	0				
Lardeira	17.2	22.1	27.5	18	12.6	3.1	13	19	18.8	6	-186	60	82	39	86	395	2982	11	67	6	844	1	0				
*Larouco	21.9	30.7	38.5	18	14.1	8.0	13	13	13.2	6	-	59	85	31	-	-	-	4	79	6	959	1	0				
Laza	22.1	31.3	38.6	18	13.3	7.4	13	0	0.0	12	-219	60	89	30	83	379	2821	8	43	12	-	0	0				
Monte Medo	20.3	28.4	36.0	18	12.4	7.4	14	0	0.0	12	-	68	94	38	77	354	2697	-	-	--	-	0	0				
O Invernadeiro	20.3	29.9	36.2	18	10.5	2.3	13	0	0.3	7	-204	58	86	31	84	386	2699	9	42	30	905	1	0				
Ourense	23.6	33.2	41.0	18	15.1	9.6	13	0	0.0	12	-	55	83	27	-	-	-	-	-	--	-	0	0				
Ourense-Estacións	24.0	33.1	41.1	18	16.2	10.6	13	0	0.0	12	-207	58	83	31	77	351	2647	5	32	18	1004	0	0				
*Pazo de Fontefiz	21.4	29.6	37.5	18	14.8	10.1	13	13	12.5	6	-185	62	84	37	68	313	2605	5	31	26	973	1	0				
*Ponte Boga	20.8	29.4	36.6	18	13.9	7.7	13	2	1.7	6	-190	62	82	36	67	309	2558	5	30	22	966	1	0				
*Prado	22.6	32.5	38.6	18	13.8	8.3	13	2	1.8	6	-	64	91	36	-	-	-	3	30	22	1004	1	0				
Remuíño	22.9	34.8	40.7	18	13.7	7.7	13	0	0.2	8	-197	67	96	33	70	320	2561	4	42	22	-	1	0				
*Riós	21.3	29.7	35.5	18	12.9	6.3	13	0	0.3	6	-194	61	89	34	66	304	2663	4	28	7	-	1	0				
San Xoán de Río	18.4	25.3	34.0	18	12.4	4.9	13	2	1.2	6	-167	74	95	48	76	349	2533	13	38	30	905	3	0				
Serra do Eixe	18.5	24.8	31.2	18	12.7	6.1	13	0	0.0	12	-200	64	88	37	84	385	2943	12	74	6	884	0	0				
Verín-Vilamaior	22.6	32.1	38.2	18	14.1	6.7	13	1	1.0	5	-209	60	87	31	81	369	2868	6	41	18	957	2	0				
Verín-Vilela	22.1	32.7	38.5	17	11.0	4.7	13	2	1.8	5	-203	66	98	32	82	376	2806	5	39	22	-	2	0				
Viana do Bolo	20.3	29.3	34.8	18	12.0	6.9	14	6	5.2	6	-175	69	96	39	83	380	2654	7	48	6	924	2	0				
Xares	16.6	20.8	26.0	29	12.2	4.5	13	2	1.6	22	-188	60	84	38	87	399	3022	14	61	6	831	1	0				
*Xinzo	20.4	29.9	36.0	18	10.9	5.1	14	2	2.0	6	-185	73	100	43	77	354	2720	5	38	22	-	1	0				
Xurés	20.0	26.1	31.6	28	13.9	5.5	13	0	0.0	12	-215	61	85	40	83	378	2908	12	52	15	902	0	0				

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2016 Mes: 7

Provincia Estación	T ^a °C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
Pontevedra																									
*A Armenteira	20.3	27.2	32.7	24	14.1	8.2	14	6	3.6	22	-176	73	93	50	75	344	2680	6	39	27	-	3	0		
A Granxa	22.6	31.8	38.1	24	13.4	8.3	14	0	0.0	12	-193	68	97	37	80	364	2716	4	39	11	1014	0	0		
A Lanzada	21.2	27.6	33.8	24	16.1	11.6	13	5	4.4	18	-156	71	88	49	-	-	2484	19	71	5	-	3	0		
*Areas	23.1	32.1	38.1	25	15.9	10.7	12	0	0.2	22	-	66	89	40	-	-	-	3	26	5	-	1	0		
*Areiro	21.4	27.9	33.9	24	15.9	11.0	13	6	5.9	18	-	70	88	50	-	-	-	4	32	13	1010	2	0		
*As Eiras	22.3	29.4	34.0	28	16.3	11.6	13	0	0.0	12	-196	66	88	43	77	354	2728	4	38	12	1012	0	0		
*Barrantes	21.3	28.0	33.6	24	14.9	8.2	13	5	2.8	22	-176	71	91	50	80	366	2613	4	36	27	-	2	0		
Caldas de Reis	20.9	28.8	35.7	16	14.9	11.0	13	3	2.0	18	--	68	93	41	74	337	2650	-	-	--	988	3	0		
*Camanzo	20.6	28.3	36.5	18	14.0	7.5	13	1	0.6	19	-172	73	95	48	68	312	2505	5	30	23	996	1	0		
Castro Vicaludo	20.8	25.2	31.9	18	16.3	11.3	13	1	0.5	22	-181	67	85	50	-	-	2763	12	57	13	964	1	0		
Castrove	20.7	26.1	32.7	17	15.7	11.3	13	7	3.4	18	-186	67	85	49	79	360	2670	16	80	26	969	4	0		
*Cequeliños	23.6	34.2	39.9	17	15.8	10.6	12	0	0.0	12	-220	60	87	31	75	342	2693	7	35	30	-	0	0		
Corón	20.6	25.4	31.5	16	17.0	13.9	13	3	2.4	18	-183	77	92	56	84	385	2903	24	63	26	1017	2	0		
*Entenza	23.4	32.0	37.8	24	16.0	10.2	13	0	0.0	12	-201	64	89	37	76	348	2703	4	37	22	-	0	0		
Fornelos de Montes	21.3	26.8	33.8	18	16.1	9.5	12	8	7.2	18	-195	60	82	40	83	378	2557	14	69	27	939	4	0		
Illas Cíes	20.6	25.5	30.6	25	16.7	14.1	13	2	1.7	18	-185	74	89	57	80	368	2797	10	52	27	-	2	0		
*Louredo	20.9	28.6	34.0	24	14.5	10.0	13	8	8.2	18	-	72	93	49	-	-	-	3	30	22	990	1	0		
Lourizán	22.0	29.6	36.0	24	16.3	11.5	13	9	4.8	22	-173	73	92	48	75	344	2679	5	35	27	1013	3	0		
*Meder	23.1	32.0	37.7	24	15.5	10.9	13	0	0.0	12	--	59	84	32	-	-	-	2	24	13	1001	0	0		
Monte Aloia	21.2	28.9	36.2	17	15.2	10.6	14	1	0.9	22	-199	69	91	46	76	347	2791	9	41	11	963	1	0		
Mouriscade	19.0	27.5	36.0	18	10.5	3.1	13	2	1.8	6	-172	74	92	50	74	339	2627	6	63	6	962	4	0		
O Viso	22.0	30.3	37.2	24	15.1	11.3	13	1	0.9	22	-199	64	88	41	76	350	2698	10	55	26	988	2	0		
Ons	19.8	24.9	30.6	16	15.9	12.3	13	7	6.4	18	-179	77	90	59	86	396	2965	22	62	5	1005	4	0		
*Pé Redondo	21.8	28.5	34.0	16	16.1	10.8	13	9	5.6	22	-153	71	90	50	-	-	2442	4	37	27	-	3	0		
Pereira	18.6	25.1	33.8	18	13.1	7.7	13	2	0.4	22	-	73	94	49	76	350	2775	-	-	--	939	7	0		
*Ponte Caldelas	21.5	28.1	35.1	28	15.4	10.2	12	4	4.0	18	-199	62	82	44	82	374	2766	6	37	24	978	2	0		
Pontevedra-Campolongo	22.9	30.3	36.4	24	16.8	12.3	13	7	5.3	18	-	64	83	42	-	-	-	4	40	27	-	2	0		
Queimadelos	23.2	32.4	38.5	17	16.5	11.1	13	0	0.0	12	-181	61	83	37	62	283	2465	3	40	27	976	0	0		
Rebordelo	20.6	28.3	34.4	17	13.1	7.8	14	2	1.8	18	-	70	95	45	78	357	2711	-	-	--	978	3	0		
Sanxenxo	21.6	27.9	35.3	24	16.6	12.5	14	3	2.0	18	-195	67	85	47	75	343	2799	5	40	26	1015	2	0		
Serra do Faro	18.2	23.9	32.3	18	13.3	7.0	13	7	7.0	6	-178	67	88	43	76	347	2739	18	64	23	908	2	0		
*Simes	21.4	28.5	34.3	24	14.7	9.5	13	2	1.1	18	-189	70	91	48	79	362	2782	3	50	4	-	2	0		
*Soutomaior	21.9	29.2	35.4	24	15.8	11.2	13	0	0.3	18	-	60	80	39	-	-	-	3	-	--	999	1	0		
*Torrequintás	21.8	28.9	34.1	16	15.8	10.5	13	5	3.2	18	-183	62	81	41	73	333	2550	5	32	27	1011	3	0		
*Tremoedo	21.6	27.8	33.4	16	15.8	10.5	13	4	2.8	18	-	63	82	43	-	-	-	6	46	26	1011	3	0		
Vigo	22.3	28.0	33.2	24	17.2	13.5	13	4	2.8	18	-	65	82	46	-	-	-	-	-	--	-	3	0		
Vigo-Campus	21.1	25.7	31.1	18	16.7	11.4	13	1	1.2	22	-209	63	80	44	86	394	2965	7	35	13	966	1	0		
Xesteiras	17.9	23.5	32.8	18	13.3	8.0	13	2	0.9	22	-	72	91	48	-	-	-	30	100	27	-	6	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.